

4 Clasifica as palabras agudas da nota na táboa segundo leven ou non acento gráfico.

carbón      carne  
 estudar  
 atrás      lugar  
 relax  
 postal      reunións

Palabras agudas con acento gráfico		Palabras agudas sen acento gráfico	
.....	.....	.....	.....
.....	.....	.....	.....

5 Le estes conxuntos de palabras e escolle a sigla correcta para cada un.

• Sistema de Información Xeográfica:      • Universidade de Santiago de Compostela:  
 SISX       SIX       SIXE       UNSC       USCO       USC

6 Le este texto e contesta as seguintes preguntas.

Desde que instalaron o gran supermercado en fronte da súa casa, a Raquel encántalle asomarse á fiestra e mirar a rúa. Antes non lle gustaba, aburríase axiña porque nela nunca pasaba nada. Pero agora hai un continuo rebumbio de coches que van e veñen. E os arredores do centro comercial están sempre ateigados de persoas que entran e saen polas amplas portas. É un movemento incesante, que á nena lle fai lembrar as incansables ringleiras de formigas que tanto a fascinaran cando descubriera os formigueiros da horta da avoa.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ: *O meu nome é Skywalker*, Ediciones SM

- a) Cal é o personaxe principal? .....
- b) Que instalaron diante da súa casa? .....
- c) Que lle gusta mirar a Raquel? .....
- d) Que descubriera Raquel na horta da avoa? .....

7 Atopa no texto anterior os seguintes substantivos.

- Subst. propio ▶ .....
- Subst. feminino singular ▶ .....
- Subst. masculino singular ▶ .....
- Subst. masculino plural ▶ .....

**3**

Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

**1** Escribe as siglas que corresponden a estes conxuntos de palabras.

Educación Secundaria Obrigatoria ▶ .....

Colexio de Educación Infantil e Primaria ▶ .....

Organización de Nacións Unidas ▶ .....

Organización Mundial da Saúde ▶ .....

**2** Relaciona cada sigla co significado correspondente.

RAG

Estados Unidos de América

IES

Organización Mundial do Turismo

OMT

Instituto de Educación Secundaria

EUA

Real Academia Galega

• Escolle unha das anteriores siglas e escribe unha oración.

.....

**3** Atopa na sopa de letras as siglas dos seguintes grupos de palabras. Despois, escríbeas no oco correspondente.

- a) Asociación de Nais e Pais de Alumnos ▶ .....
- b) Organización Non Governamental ▶ .....
- c) Documento Nacional de Identidade ▶ .....
- d) Diario Oficial de Galicia ▶ .....
- e) Unidade de Coidados Intensivos ▶ .....

V	Q	F	M	U	X	O	C
U	S	D	A	P	H	N	H
E	A	I	N	U	L	G	U
I	A	N	P	A	V	M	N
X	E	H	G	R	T	I	X
U	C	I	N	I	G	L	S
M	T	O	F	T	V	E	D
R	L	G	D	N	I	H	O
A	T	U	Z	V	B	M	G

1 Le atentamente estas normas e fíxate ben nas palabras empregadas.

**A granxa escola**

Normativa:

1. Cumprir os horarios establecidos para cada comida do día.  
Ser puntual en todas as actividades programadas.
2. Respetar todos os animais da granxa, así como os do contorno.
3. Coidar todas as árbores e plantas do recinto.
4. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e de todo tipo de videoxogos.
5. Débense obedecer as indicacións dos monitores.
6. Utilizar correctamente o material indicado para as diferentes actividades, así como o mobiliario da granxa.

2 Busca a palabra de cada columna que aparece no texto anterior e rodéaa.

contar	arbusto	coidar	recambio	granxo	materia
contorna	árbores	convidar	reciclar	grande	material
contorno	arbóreo	cambiar	recinto	granxeiro	maternal
conter	arboredo	coidado	recente	granxa	materialismo

3 Completa este encrucillado con palabras do texto. Fíxate nas letras que che darán pistas.

M	A		E		I	A	
M		N	I			R	S
			I				
	V				O	X	G
							S
			D				
			E				
P			N	T		S	

- 1 Le as normas da granxa escola atentamente e fíxate na orde en que aparecen.

### A granxa escola

#### Normativa:

1. Cumprir os horarios establecidos para cada comida do día.  
Ser puntual en todas as actividades programadas.
2. Respectar todos os animais da granxa, así como os do contorno.
3. Coidar todas as árbores e plantas do recinto.
4. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e de todo tipo de videoxogos.
5. Débense obedecer as indicacións dos monitores.
6. Utilizar correctamente o material indicado para as diferentes actividades, así como o mobiliario da granxa.

- 2 Tapa o texto anterior e numera as normas tal e como aparecen na actividade 1.

- Utilizar correctamente o material indicado para as diferentes actividades, así como o mobiliario da granxa.
- Cumprir os horarios establecidos para cada comida do día. Ser puntual en todas as actividades programadas.
- Respectar todos os animais da granxa, así como os do contorno.
- Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e de todo tipo de videoxogos.
- Débense obedecer as indicacións dos monitores.
- Coidar todas as árbores e plantas do recinto.


- 3 Sen volver mirar o texto, indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

	V	F
Hai que respectar os animais, pero non fai falta coidar as árbores nin as plantas.		
Só é necesario cumprir os horarios da merenda e a cea.		
Non se poden utilizar teléfonos móbiles nin videoxogos.		
Pódense realizar as actividades programadas a calquera hora.		

- 4 Anota tres palabras da actividade 1 que comecen pola letra *m*.

1. .... 2. .... 3. ....

- 1 Le atentamente esta invitación prestando especial atención aos detalles.



- 2 Tapa o texto anterior e completa a táboa cos datos da invitación.

Título do libro	.....
Nome completo do autor	.....
Data e hora da presentación	.....
Localidade onde se presenta	.....

- 3 Sen volver mirar o texto, rodea os seis erros que contén esta invitación.

A Editorial Letras ten o pracer de convidarte á presentación do libro *A illa das tormentas*, de Xoán Lourenzo Meira, coautor da recoñecida obra *As desventuras de Mara Gota*.

O acto de introdución terá lugar o próximo martes, día 4 de abril, ás 18:00 h na librería Píntega de Vilanova dos Marqueses.

Ao final do acto ofreceranse bebidas refrescantes e bocadillos.

Para clausurar a presentación, o autor regalará exemplares do seu libro.

- 4 Completa estas oracións con palabras que aparezan na invitación da actividade 1.

- As ..... do ..... pasado foron daniñas para o campo.
- Os pais do meu ..... Antón abriron unha ..... na praza.
- O ..... mes de ..... comezan as olimpíadas matemáticas.